

**CONCELLO
DE
MEAÑO**
CP 36968
(PONTEVEDRA)

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE
ESTABLECIMENTOS.**

Artigo 1.º Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88 citada, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por licencia de apertura de establecementos, que rexiráse pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2.º Feito imponible.


1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calesquera outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas e Reglamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o otorgamento por este Concello da licencia de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

2. A tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por vez primeira do establecimiento para dar comienzo a súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecimiento, ainda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecimiento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artículo, esixindo nova verificación das mesmas.
- d) As transmisións intervivos que non sexan de pais a fillos e entre cónyuxes.

3. Entenderáse por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesana, da construción, comercial e de servicios, que esté suxeita ó Imposto sobre Actividades



**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968

(PONTEVEDRA)

b) Ainda sen desenvolverse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elles en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, almacéns, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais, escritorios, oficinas, despachos, estudios ou calquera outra análoga.

Artigo 3.^º Suxento pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4.^º Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas Tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os Artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o Artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.^º Base imponible.


Constitúe a base imponible desta Taxa:

1. A cota do Imposto Municipal sobre actividades económicas.

2. Se por aplicación do procedemento previsto no apartado anterior non fose posible determinala base imponible se considerará como tal a renda anual que corresponda ó establecemento, es se determinará observando as seguintes regras:

a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulte de aplica-lo tipo de interés legal do Banco de España ó valor catastral que dito establecemento teña sinalado no Imposto sobre Bens Inmobilés.

b) Nos demás casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón do contrato de arriendo, subarriendo, cesión ou calquera outro título que ampare a súa ocupación, con inclusión dos incrementos e cantidades asimiladas á renda, no seu caso. Se no contrato aparecieren pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomaráse como base a maior, ainda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licencia. Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicar



CONCELLO DE MEAÑO

CP 36968

(PONTEVEDRA)

a regra 1 anterior, tomaráse como base imponible esta última.

- c) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espacios destinados a vivenda e a establecemento suxeito á Taxa, a base deste último será a que proporcionalmente a súa superficie lle corresponda no importe total da renda anual que, conforme ás regras precedentes, se impute a dito local.
- d) Cando se trate da ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie en que se ampliou o local, calculada con arreglo ó previsto nas regras anteriores.

Artigo 6.^º Cota tributaria.

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 7.^º Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da Taxa.

Artigo 8.^º Percepción.


1. Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderáse iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licencia de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente ésta.

2. Cando a apertura tivera lugar sen ter obtido a oportuna licencia, a Taxa se devengará cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación de expediente sancionador por infracción tributaria.

3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algúin, pola denegación da licencia solicitada ou pola concesión désta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia o desistimiento do solicitante unha vez concedida a licencia.

Artigo 9.^º Declaración.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licencia de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, achegándolle a alta na licencia fiscal da actividade correspondente, o contrato de alquiler ou título de



CONCELLO DE MEAÑO

CP 36968

(PONTEVEDRA)

adquisición do local, indicando neste último caso se o local non tivera asimesmo valor catastral, o prezo de adquisición ou o custe de construción do mesmo no seu caso.

2. Se despois de formulada a solicitude de licencia de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacíons haberán de poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

Artigo 10.^º Liquidación de ingreso.

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez dictada a Resolución municipal que proceda sobre a licencia de apertura, practicarásela liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

2. Nembargantes, o Concello poderá liquidar e esixir o importe da Taxa no momento de presenta-la solicitude, en calidade de depósito previo.

3. Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou concesionario do establecemento, e o local non teña sinalado valor catastral, practicarásela liquidación provisional tomando como base imponible o valor de adquisición ou, no seu caso, o custe de construción do referido local. Unha vez fixado o valor catastral, practicarásela a liquidación definitiva que proceda, e da súa cota se deducirá a liquidada na provisional, ingresándose a diferenza nas Arcas Municipais ou devolvéndose de oficio, se así procedera, ó interesado o exceso ingresado por consecuencia da liquidación provisional.

Artigo 11.^º Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estaráse ó disposto nos Artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo a esta Ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.



**CONCELLO
DE
MEAÑO**
CP 36968
(PONTEVEDRA)

ANEXO

Primeiro. Tarifa.

PARA APLICACION DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECIMENTOS:

Concepto

POR CADA LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO

Pts.

A cota municipal do imposto sobre actividades económicas (100%)

Segundo. Outras normas especiais de xestión.

Terceiro. Data de aprobación.

DILIXENCIA:

Pónoa eu, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño, para facer constar que a imposición e aprobación da presente Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por licencia de apertura de establecimentos, foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 28 de setembro de 1998.

Meaño, 29 de setembro de 1998



Rúa Campo da Feira nº 1
Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85
Fax: 986 74 73 91

C O N C E L L O
DE
M E A Ñ O
C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS:

- LICENCIA DE APERTURA DE ESTABECEMENTOS.

"Artigo 5º.- Queda sen contido.

Artigo 6º.- Cota tributaria.- Será o resultado de aplicar á cota de tarifa establecida por tipo de actividade, un índice de superficie en función dos m² do establecemento, segundo a definición establecida para o mesmo no apartado 3 do art. 2º. A cota de tarifa e o índice de superficie serán os que figuran no anexo a esta ordenanza.

Artigo 10º.3.-Queda sen contido.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación que afecta o texto e tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 12 de decembro de 2003, entrará en vigor o día seguinte da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004.

ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABECEMENTOS

Primeiro.- Tarifas

<u>Cota da tarifa</u>	<u>Importe - Euros</u>
Actividades non calificadas ou inócuas	200
Actividades calificadas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas	300
Actividades calificadas do apartado anterior, que requiran declaración de impacto ambiental	600
Actividades temporais ou eventuais	100
<u>Indices de superficie</u>	
Ata 50 m ²	1
De mais de 50 a 100 m ²	1,20
De mais de 100 a 200 m ²	1,50
De mais de 200 a 500 m ²	2,00
De mais de 500 a 1.050 m ²	2,50
De mais de 1.050 m ²	2,75

Segundo.- Data de aprobación.

Acordo do Pleno da Corporación de data 12 de decembro de 2003"

DILIXENCIA:

Elebado a definitivo o acordo provisorio, ó non presentarse reclamacións ó expediente, mediante acordo da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2004 e publicado o texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia de data 18 de febreiro de 2004.

Meaño, 2 de marzo de 2004
Secretaria- Interventora





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concelldemeano@terra.es • Web: www.concelldemeano.com

Dª Mª TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 11 de xuño de 2012, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECIMENTOS.

O Sr. alcalde-presidente maniféstalle aos membros presentes da Corporación, que, ao igual que no asunto anterior, que Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 16 de abril de 2012, acordou aprobar inicialmente o expediente de aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licencia de apertura de establecimentos, adaptando o feito imponible ao novo contido dado a letra i) do artigo 20.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais polo artigo 42 da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible. No período de exposición pública da devandita Ordenanza publicase o Real Decreto-lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que modifica de novo o contido da letra i) do apartado 4 do artigo 20 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; modificación que se deberá ter en conta na modificación Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licencia de apertura de establecimentos, que afecta a denominación.

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o dictame proposta da Comisión Especial de Contas, con unha abstención do Sr. Pazos Castro, un voto en contra da Sra. García Fernández e por oito votos a favor, acorda:

1º/ Aprobar definitivamente a modificación do artigo 2.1, Disposición final e o anexo-tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por licencia de apertura de establecimentos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, quedando como segue:

“Artigo 2º. Feito imponible”

1. Constitúe o feito imponible da Taxa

a) A actividade municipal, tanto técnica como administrativa regulada nos artigos 12 e 16 da Ordenanza Municipal reguladora dos procedementos de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable ou declaración previa e das Licenzas de acitividades, tendente controlar ou verificar o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa que resulte de aplicación nas actividades suxeitas á comunicación previa ou declaración responsable, segundo a referida Ordenanza.

b) A actividade municipal tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantis reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade, seguridade, medianbientais, de protección do patrimonio histórico-artístico e calesquera outras esixidas pola lexislación sectorial que resulte de aplicación e polas correspondentes Ordenanzas e Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licencia de apertura ou de actividade a que se refire o Título Segundo da Ordenanza Municipal reguladora dos procedementos de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable ou declaración previa e das Licenzas de acitividades.

DISPOSICIÓN FINAL. Data de aprobación e aplicación:

A presente modificación que afecta ao artigo 2.1 e a tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 11 de xuño de 201., entrará en vigor e será de aplicación o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECIMENTOS OU REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE CONTROL NOS SUPOTOS NOS QUE A ESIXENCIA DE LICENZA FOSE SUBSTITUÍDA POLA PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA.

Tarifa.

<i>Cota da tarifa</i>	<i>Importe - €</i>
Actividades temporais ou eventuais cunha duración ≤ 6 meses	100,00
Actividades suxeitas á comunicación previa	200,00
Actividades suxeita á declaración responsable	300,00
Actividades suxeita a licencia de apertura e funcionamento non sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental	400,00
Actividades sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental	600,00

Índices de superficie

Ata 50 m ²	1
De mais de 50 a 100 m ²	1,20
De mais de 100 a 200 m ²	1,50
De mais de 200 a 500 m ²	2,00
De mais de 500 a 1.050 m ²	2,50
De mais de 1.050 m ²	2,75"

2º/ Publicar, dando cumprimento ao artigo 17.4 do R.D.Lvo. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais o texto íntegro da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por licencia de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supotos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.”



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concelldemeano@terra.es • Web: www.concelldemeano.com

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e visto e prace do Sr. alcalde, en Meaño a dezanove de xuño de dous mil doce.

Visto e prace
O alcalde

